

Nome actividade: Aprendendo matemáticas na horta

Nivel: 3° Ed. Primaria

Materia: Matemáticas

Temática: Cálculo de medidas

OBXECTIVOS

- Aprender de xeito práctico as unidades de medida (centrímetros)
- Desenvolver habilidades de cálculo espacial e matemático.
- Aprender técnicas de rexistro de medidas.

DESENVOLVEMENTO

O alumnado desprazarase ata a horta e tomará medidas para completar as plantillas que se inclúen nesta ficha:


- Imaxe 1 (plano xeral dos bancais): completar as medidas, en centímetros, de cada bancal (ancho e longo).
- Imaxe 2 (plantilla para cubrir a información dun bancal concreto):
 - Completar medidas, en centímetros, das distancias entre as plantas que hai en cada bancal.
 - Debuxar as plantas de cada bancal no plano.
 - Facer seguimento e rexistro do crecemento de cada planta: altura das plantas en distintos momento durante un período concreto. Pódense rexistrar tamén os días de rego de cada bancal (pedir información ao equipo de horta).

A actividade pode completarse coas seguintes valoracións (en función do nivel da clase e do momento do curso en que se realice):

- Antes da plantación: cálculo de cantas plantas de cada cultivo se poden plantar nun bancal concreto (coñecendo previamente o “marco de plantación” de cada un).
- Cando o bancal xa ten cultivos: reflexión de por que uns cultivos teñen máis ou menos distancia entre cada unha das súas plantas.

Asimesmo, pode facerse o traballo dividindo a clase por equipos, asignando un ou varios bancais a cada un dos equipos.

Tamén pode completarse a actividade incluíndo a reconversión de centímetros a metros.





1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

16

17



18

11

13

14

15

12

A NOSA HORTA



Bancal ____

-Medidas bancal:

largo: cm

ancho: cm

-Cultivo:


-Separación entre plantas:

-Número de plantas:

-Rego: L M ME X V S D

-Táboa de crecemento semanal da mostra:

altura



día